

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/1/2019	GOB13I026
340R495Y132B6K5D0H6K	
2 3 4 0 R 4 9 5 Y 1 3 2 B 6 K 5 D 0 H 6 K r »	
2 3 4 0 R 4 9 5 Y 1 3 2 B 6 K 5 D 0 H 6 K r »	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIA O TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZANOVE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a NATALIA HERMIDA RICO D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO D/D^a M. DEL CARMEN ESPADA CORTIZAS D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS D/D^a MARCOS LOPEZ BALADO D/D^a LAURA PENA FERNANDEZ D/D^a PATRICIA ANEIROS FREIRE D/D^a ESTHER CARBALLEIRA REGO D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/D^a OCTAVIO ALEJANDRO DOPICO PEREZ D/D^a JOSE MARÍA GOMEZ FANDIÑO D/D^a TERESA JESUS SABIO RODRIGUEZ D/D^a ANDRE ABELEDO FERNANDEZ D/D^a ALFONSO CASAL PITA</p> <p><u>NON ASISTE:</u> D/D^a HIPOLITO FARIÑAS SOBRINO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 19:00 do trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (19-12-2018 E 27-12-2018).

Dada conta das actas das sesións de data 19-12-2018 e 27-12-2018 o Concello Pleno, por unanimidade, deulles a súa aprobación.

2.º.- DACIÓN DE CONTA E RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE APROBA O PREGO CORRIXIDO DA SUBMINISTRACIÓN "EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO DE FREIXEIRO". -Lida polo secretario xeral a proposta

que di así: Vista a necesidade de realizar correccións de tipo técnico, debido a erros materiais de cálculo detectados no prego de prescricións técnicas do investimento denominado “Eficiencia enerxética no alumeado de Freixeiro” incluído no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS + 2018.

Visto o ditame favorable, por maioría, con 5 votos a favor (3 TEGA, 1PSdeG-PSOE e 1 BNG) e 3 abstencións (2 PP, 1 GRUPO MIXTO) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 24/01/2019, o seu presidente propón ao Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Ratificar a seguinte resolución da Alcaldía de data 7 de xaneiro de 2019:

“Con data 15 de decembro 2017, o Concello Pleno, en sesión extraordinaria, adoptou o acordo de Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2018” da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os correspondentes proxectos e pregos de prescricións técnicas.

No apartado de “Préstamo Provincial 2018” incluíuse o investimento denominado “Eficiencia enerxética no alumeado de Freixeiro” por importe de 179.012,76 euros.

Con data 23 de maio de 2018 recibíuse da Deputación da Coruña, vía telemática, a circular sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS + 2018, no que está incluído este investimento.

Unha vez que este Concello pretendeu iniciar o correspondente expediente para a adxudicación do investimento referenciado, detectáronse, no prego de prescricións técnicas, en varias partidas, uns erros materiais de cálculo consistentes na aproximación ou redondeo de decimais na multiplicación de prezos unitarios polas cantidades de cada partida, polo que foi corrixido polo redactor do prego.

As correccións refírense a cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica.

Por todo o exposto, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobado o prego de prescricións técnicas corrixido da subministración “Eficiencia enerxética no alumeado de Freixeiro” por importe de 179.012,76 euros, incluída no “POS + 2018”, no que se recolle os cambios non substanciais.

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para o seu coñecemento e ratificación.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, ratificou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstenciones 4

PSdeG-PSOE: A favor 2



BNG: A favor 2

GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1(EU)

Abstencións 1(ENE)

3 .º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN Á VIOLENCIA DE XÉNERO.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: *O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base á seguinte:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A aprobación polo pleno do Congreso dos Deputados da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero supuxo un revulsivo, en todos os seus aspectos, das políticas da violencia contra e sobre as mulleres, polo feito de selo, consolidándose, á súa entrada en vigor, como modelo internacional.

De feito, España recibiu en Xenebra unha das mencións de honra do Premio de Políticas de Futuro (Future Policy Award 2014) que ONU Mulleres, World Future Council e a Unión Interparlamentaria conceden ás mellores leis e políticas do mundo que persigan por fin á violencia exercida contra as mulleres e as nenas, unha violencia que cualifican como unha das formas máis xeneralizadas de abuso contra os dereitos humanos.

A mencionada lei integral e a Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, son os dous instrumentos legais cos que nos dotamos para loitar contra a violencia machista que atenaza a liberdade e a seguridade das mulleres.

O 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre as mulleres como unha verdadeira política de Estado. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou, sen ningún voto en contra, o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa banda, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dun Relatorio que estudase e avaliasse, en materia de Violencia de Xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe do Relatorio de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Os informes de Congreso e Senado conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, proporciónase ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores ou aos menores baixo a súa garda, tutela ou acollemento.

Contamos, por tanto, cun gran acordo político e social, que recolle o compromiso da sociedade na loita contra a violencia de xénero, que deixou de ser un asunto privado para converterse nunha cuestión de estado. Un pacto necesario ante os datos arripantes sobre a violencia que soportan as mulleres polo feito de selo e da que tamén se ven afectados os seus fillos e fillas.

Unha das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero expón a necesidade de adoptar as modificacións legais oportunas para que a Administración local poida levar a cabo actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero, xa que se trata da administración máis próxima á cidadanía e, polo tanto, ás vítimas. Neste sentido, exponse que estas cuestións deben formar parte do catálogo de materias recollido como de competencia propia dos municipios no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por tanto, era imprescindible a modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril, para permitir o desenvolvemento de políticas contra a violencia de xénero. Esta reforma foi levada a cabo polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Segundo a última macroenquisa sobre a violencia de xénero realizada polo Ministerio de Sanidade e Igualdade:

- O 12,5% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia de xénero algunha vez na súa vida, o que en termos absolutos supoñen 2,5 millóns de mulleres en España.

- O 2,7% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia no último ano.

- O 64% dos fillos e fillas das vítimas presenciaron os episodios de violencia.

- Pero, soamente o 28,6% presentou denuncia.

A pesar destes datos demoledores que explican por si sos a necesidade de políticas específicas, tamén hai outros que van indicando os cambios que se están producindo, entre eles:

- O 77,6% conseguiron saír da violencia de xénero.

- O 45% acudiron a algún servizo de axuda médica, social ou legal.

Con todo, a pesar da utilidade e do recoñecemento internacional recibido pola lei integral, do importante proceso de toma de conciencia social que se produciu no noso país sobre a gravidade da violencia contra as mulleres e o gran obstáculo que isto supón para a convivencia democrática, a pesar de todo iso, hoxe, algunhas forzas políticas expoñen unha demolición de toda a estrutura de prevención, atención e protección das mulleres vítimas de violencia de xénero e para iso contan coa complicidade de partidos políticos dispostos a laminar o dereito das mulleres a unha vida libre de violencia; coma se 976 mulleres asasinadas desde que temos datos, e unha media de 150.000 denuncias anuais por malos tratos non fosen razóns suficientes para rexeitar e illar a quen sen andrómenas fan do machismo a súa bandeira política.

O compromiso das forzas políticas coa democracia e o estado de dereito esixe un compromiso coa vida e coa liberdade das mulleres, un compromiso firme en prol dunha política sostida para erradicar a violencia de xénero. Non podemos, non debemos pór en perigo o presente e futuro das mulleres e dos seus fillos e fillas.

Así o esixe a sociedade, e en particular, as organizacións de mulleres que saben que nesta materia só se conseguen avances se hai un compromiso de todas as forzas políticas e sociais para colocar na axenda política a loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.

Por todas estas razóns, faise necesario redobrar os esforzos contra a violencia de xénero, mantela como prioridade política e democrática, illar aos violentos e a quen lles dan cobertura política, e esixir que se reforce o sistema de protección para as mulleres vítimas e se desenvolvan todos os recursos e medidas que se contemplan no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Por todo o exposto o PSdeG-PSOE, somete para o seu debate e a súa aprobación, se procede, a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Reforzar e seguir pondo en valor as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero de Congreso e Senado co obxectivo de combater o terrorismo machista, o problema máis grave que sofre actualmente a sociedade española e galega, que ten o seu caldo de cultivo nunha cultura e educación profundamente antidemocrática e que parte da idea da superioridade do home sobre a muller.

2.- Manifestar a súa repulsa a todas as manifestacións da devandita violencia, o seu compromiso coas vítimas e declarar tolerancia cero cos maltratadores.

3.- Expresar o seu rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a eliminación ou minoración das medidas de protección das mulleres fronte á violencia machista, así como o drama social e as consecuencias que ten para as vítimas.

4.- Neste sentido, rexeitar a adopción de calquera tipo de acordo, explícito ou implícito, con formacións que expoñen a supresión ou redución das medidas de protección das mulleres, dando así cobertura a políticas irresponsables que levan un altísimo risco de agravar o problema.

5.- No marco do reforzo das iniciativas para combater esta secuela, comprométese a impulsar a aplicación da Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, en coordinación con todos os poderes públicos.



Narón, 15 de xaneiro de 2019

Catalina García Blanco

DNI: 32653535K

Voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE"

E visto o ditame favorable, por maioría, con 7 votos a favor (4 TEGA, 1 PSOE, 1 BNG, 1 GRUPO MIXTO-Esquerda Unida) e 2 abstencións do PP da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 22/01/2019, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sra.García Blanco: Boa tarde. Ao longo dos últimos anos tense traballado para alcanzar un gran acordo político e social, para a loita contra da violencia de xénero, converténdose esta nunha cuestión de estado. Un pacto moi necesario ante os continuos asasinatos de mulleres a man das súas parellas ou ex parellas, polo feito de ser mulleres, e ante a realidade de escenas de violencia que afectan ás vidas de fillas e fillos.

O compromiso das forzas políticas é preciso e clave para a consecución de políticas sostidas para erradicar esta lacra, para eliminar o perigo das mulleres que a seguen a padecer e das súas crianzas.

A actualidade política española, amosounos recentemente que hai forzas que están dispostas a rachar co conseguido en materia de igualdade e liberdade das mulleres, e tamén a tirar polo chan todo o percorrido e conseguido en materia de violencia de xénero, querendo facer desta cuestión algo negociable, o cromo repetido que calquera pode intercambiar con tal de conseguir chegar ao poder.

Por iso e moito máis, traemos esta moción ao pleno de Narón, na procura de que polo menos todas as persoas que conformamos esta corporación deixemos claro e evidente o noso compromiso para coas mulleres, os seus dereitos e as súas liberdades, o noso compromiso cos seus fillos e fillas, e o noso compromiso na loita contra da violencia de xénero e no cumprimento máis rigoroso da Lei Integral e o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Dende o Grupo Municipal Socialista, solicitamos a unidade da corporación neste ámbito de forma que esta moción poda converterse nunha declaración institucional, porque, pensamos que todos e todas estaremos de acordo en que en materia de igualdade e violencia de xénero non se pode dar nin un paso atrás, e especialmente as mulleres dicimos alto e claro que cos nosos dereitos non se negocia. Moitas grazas.

-Sr.Abeledo Fernández: sen dúbida dende Esquerda Unida decimos si á Declaración Institucional e é preocupante certos mensaxes que veñen da ultra dereita que pretende transmitir á sociedade que este é un tema menor. É preciso de afirmar o noso compromiso á hora de erradicar a violencia machista e debemos condenar e denunciar e ata arrinconar a aqueles partidos que practican o negacionismo máis hipócrita, demagóxico e populista.

-Sr.López Balado: buenas tardes. Nosotros queremos mantener una vez más que este nos parece un tema extremadamente serio, extremadamente sensible y en el cual creo que todas las fuerzas políticas debíamos dar siempre el “do” de pecho y por desgracia eso no sucede. Yo ahora,

escuchando atentamente la intervención de la Sra. García, hablaba de 2 cosas que a mi me parecen muy importantes que era el tema de acuerdos de todas las fuerzas políticas y después hablaba también de la intención de hacerlo Declaración Institucional.

Por nosotros no va a haber problema porque aunque una parte o un matiz, que ahora voy a explicar también, no nos acaba de convencer aunque nos parecería positivo que todas las veces que fuera posible en este Pleno y salvando las distancias que a veces hay, podría salir este tema por declaración institucional.

Lamento, sí tengo que decirlo también, que si ese fuera el ánimo de llegar a un acuerdo y a esta declaración institucional esto lo pudimos haber hablado incluso antes, pero bueno, no vamos a poner obstáculo en esto. Sí que no me acaba de gustar que a veces... el Sr. Abeledo también ahora profundizaba un poco por ahí. Yo creo que en esta materia todas las fuerzas políticas del país, estoy seguro que todas las fuerzas políticas del país quieren lograr mejorías y quieren luchar decididamente por, no eliminar, porque entiendo que va a ser muy difícil eliminar por completo esta lacra, es como el que piensa que por hacer una lei contra robos pues ya no va a haber robos. Los va a haber igual. Entonces, no eliminar por completo pero sí reducir o minimizar el máximo posible. Yo estoy seguro que todos los grupos políticos quieren eso.

Es verdad que a veces ante un mismo problema, incluso los individuos ante un mismo problema plantean soluciones distintas y más aún cuando hablamos de partidos políticos, pero yo creo que en ese caso incluso, es bueno buscar los puntos en común y no hacer lo que decía el Sr. Abeledo de arrinconar a nadie sea bueno porque esas fuerzas a las que aquí, sin decirlas con claridad, están nombrando, yo creo que a lo mejor también quieren lo mismo, el camino que buscan o las herramientas que buscan son distintas pero yo creo que tampoco podemos ser tan prepotentes para pensar que siempre las que nosotros proponemos son las correctas y las de los demás no.

A mi me gustaría más que el espíritu de la moción no fuera “vamos a intentar arrinconar a nadie “ sino a que vamos a invitar a que no está a lo mejor en la línea que estamos la mayoría de partidos, que se sumen también, que aporten. Decía yo, que estoy convencido, que en realidad todos los grupos políticos quieren apostar por solucionar el problema en el sentido de que incluso esos partidos apuestan por el endurecimiento de las penas con lo cual si están apostando por el endurecimiento de las penas a esas personas que matan a sus parejas, entiendo que en el fondo también quieren arreglar el problema. Puede que el camino o alguno de los matices del camino no sea el que los demás, digamos, un espacio común y yo creo que lo bueno sería invitar a esos partidos a que se sumaran a ese espacio en común que ya estamos, la mayoría de fuerzas políticas.

Por eso yo decía que hay algún matiz, alguna pequeña parte que no me acababa de gustar e incluso señalar que en el enunciado, en la parte de arriba habla específicamente de “*moción que presenta el grupo socialista do Concello de Narón sobre a política do goberno galego en relación á violencia de xénero*” y yo quiero aclarar aquí que el gobierno gallego no tiene ningún pacto implícito ni explícito, como se dice aquí, con ese tipo de fuerzas y es más, incluso medios públicos, la postura del presidente de la Xunta también fue bastante clara.

Dicho esto, como creo que, con los matices que decía, que cada grupo tiene, más o menos tenemos un punto común o una zona común en el centro, nosotros íbamos a votar a favor de todas maneras y estamos de acuerdo en hacerla declaración institucional.



-Sr.Casal Pita: simplemente decir que nós apoiamos a declaración institucional. Moitas grazas.

-Sr.Abeledo Fdez.: nada, por alusións. Todas non Sr.Balado. Algunhas que chegan a acordos en Andalucía??? Con vostedes practican o seadea..... E falsean datos (12:01) sobre a violencia de xénero. Neste caso é verdade que eu non falo hoxe aquí ao Partido Popular Sr.Balado; lamento que defenda vostede a Vox, eu o teño claro, esa forza política non defende o mesmo ca nós.

-Sr.López Balado: sólo le voy a poner un matiz al Sr.Abeledo. Yo no defendí a nadie, eh, ni mucho menos. Yo lo que hablé es de invitar a aquellas fuerzas políticas que a lo mejor en alguna cosa pues puede no estar especialmente acertadas o que no están en el mismo espacio que estamos los demás, invitarlos a que vengan, no arrinconar a nadie. Yo no creo que haya que arrinconar a nadie porque yo supongo que todas las opciones políticas dentro del respecto a las leyes y a la democracia, pues yo no creo que el camino sea arrinconar a nadie y desde luego, creo que nunca nadie podrá decir en este Pleno que yo defendí a otra fuerza política que no fuera la mía o a los intereses de los vecinos de Narón.

-Sra.García Blanco: agradecer ao Grupo Popular e a Eliximos que eran as dúas forzas que faltaban por manifestar o seu apoio para que esto se poida converter nunha declaración institucional e decirlle ao Sr. Balado, en todo caso, que na comisión xa se falou de que se todos estabamos de acordo se podía converter en declaración institucional. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: queda como declaración institucional entonces. Só unha cousa Marcos, eu creo que calquera que , neste caso o partido socialista, o fin esperado é que sexa declarado declaración institucional. Entonces aínda que non se plantexe, é dicir, se vosoutros a apoiades e todos a apoiamos canta máis forza, entendemos que mellor.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno por asentemento acorda facer desta moción unha **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL.**

4 °.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO -EU- PARA SOLICITAR O ESTUDO DE MEDIDAS EN MATERIA DE VIVENDA E ALUGUER PARA NARÓN RELACIONADAS COA APROBACIÓN DO REAL DECRETO LEI 21/2018, DE 14 DE DECEMBRO.. –

Se retira esta moción.

5 °.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO- ENE- PARA SOLICITAR AS SUBVENCIONS DA XUNTA PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAS DO RISGA PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE DO ENTORNO URBANO.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

A organización política Eliximos Narón Electores, pertencente o Grupo Mixto Municipal de Narón, en base a o disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 9 de xaneiro saíu publicado no DOG a

ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2019.

Por outra parte, como vimos denunciando dente o principio da lexislatura, no entorno urbano existen moitas barreiras arquitectónicas, que constitúen unha materia pendente dende fai moito tempo, e a súa eliminación require, principalmente, de traballos de albanaría que se prestan para o tipo de contratación recollida na citada Orde, e corresponde a un sector de traballo con moito paro pola baixada da construción dende a creses.

A orde permite ata 20 contratacións para un concello con un número de perceptores da Risga entre 101 a 700 persoas, mentres que a xornada de traballo subvencionable será, como máximo, do 75 % e non poderá, en ningún caso, ser inferior ao 50 %.

Por todo isto, a coalición Eliximos Narón Electores propón ao Pleno instar ao Goberno Municipal a:

Solicitar a subvencións da Xunta dirixidas a contratar ata 20 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) para a realización de traballos de eliminación de barreiras arquitectónicas dotando de accesibilidade o entorno urbano do Concello.

En Narón a 18/01/2019

E visto o ditame DESFAVORABLE con 4 votos en contra (2 TEGA, 1 PSde G-PSOE, 1 BNG) e 2 abstencións (1 GRUPO MIXTO, 1 PP) da Xunta de Portavoces de data 28-01-2019, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Casal Pita: boas tardes. Grazas. A orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas do RISGA permite ata 20 contratacións para un concello con un número de perceptores do RISGA entre 101 a 700 persoas, que é o caso de Narón que ten máis de 120 perceptores, polo que consta nos informes, vostedes viñan contratando 6 persoas en anos pasados e este ano falan de subir a 9, polo que aínda quedarían por cubrir outras 11 prazas.

Poñen a desculpa de que é difícil de encontrar persoas co perfil adecuado, algo que deberían saber perfectamente, pois coñecen os perfís da xente que está nesta situación, aínda que non nos dixeron nada en concreto, pero a min paréceme moi estrano que nunha profesión con tanto paro non se atope un mínimo de xente para unha cuadrilla cuns coñecementos básicos para arranxar unhas beirarrúas.

En realidade vemos unha clara falta de vontade por parte súa para afrontar este problema social, polo que votaremos en contra do ditame.

-Sra.García Blanco: dende o grupo socialista lle pediríamos que retirase a moción, xa llo pedimos na Xunta de Portavoces primeiro, porque dende o concello xa hai anos que se está a contratar xente que percibe a Risga para facer traballos no concello e, en segundo lugar, penso que ten vostede copia dos informes tanto de Recursos Humanos como do Servizo Sociocomunitario onde se fala de que non é aconsellable, primeiro, un maior número de contratacións das que se están a



facer e segundo, as persoas das que vostede fala, seguramente no INEM hai moitas persoas que estean en situación de paro que poidan facer eses traballos pero posiblemente non sexan perceptores de Risga e esta subvención é soamente para as persoas que perciben. Entón como é algo que xa se fai e ten vostede como lle digo, os dous informes, lle pediría de verdade que a retirara. Sen non imos a votar en contra. Moitas grazas.

-Sr.López Balado: bien, nosotros nos vamos a abstener en este punto porque aunque el espíritu de la moción nos parece bueno, que es el de entrar en este convenio , darle la opción de a todas esas personas que están cobrando el Risga, pues que participen y que hagan otro tipo de labor y también nos parece bastante positivo el tema de la accesibilidad que tantas veces lo hemos hablado en este Pleno y que nosotros tantas veces hemos echado en falta un compromiso más firme en esta materia por parte del grupo de gobierno; también creemos que aquí también hay un par de matices que hacen que nosotros no podamos votar a favor. En primer lugar, que yo creo que aquí hace falta más trabajo previo para entrar en esta materia de la accesibilidad más allá de hacer una cuadrilla y ponerse a trabajar en el tema de accesibilidad. Yo creo que, ya muchas veces lo hablamos, que era conveniente, hacer un estudio, hacer un diagnóstico acertado, hacer un plan para ver por donde es conveniente empezar y que no solamente se trata de coger unas personas y ponerlas ahí a trabajar.

Y luego además yo tengo que decir, que los matices explicados en la Junta de Portavoces acerca de los perfiles de las personas que podían estar disponibles en esta materia, tengo que reconocer que a mi me parecen apropiadas y que las entendemos perfectamente. Por estos 2 matices aceptando que el espíritu de la moción es bueno, nosotros no podemos apoyarla y nos vamos a abstener.

-Sr.Abeledo Fernández: unha vez vistos os informes técnicos entendemos que son correctos, entendemos que os técnicos deste concello fan os informes sobre a legalidade , entendendo tamén que as explicacións que se nos deu na Xunta de Portavoces foron suficientes e adecuadas. Vamos a votar en contra.

-Sr.Casal Pita: ben, o Sr. Marcos ben sabe que hai algún estudo referente á zona rural sobre intervencións que hai que facer e moitas veces son operacións moi sinxelas que non requiren de maior estudo nin profundizaxe, no; entón, esto por un lado e despois por outro, eu sigo pensando que os informes non son claros, entendo que hai unha dificultade sobre este tema que entendo que con vontade se pode superar. Entonces imos a manter a moción. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa que teño que decir. Non sei se realmente entendeu as explicacións que lle deron na Xunta de Portavoces. Realmente non é que non queiramos contratar, se está facendo e se leva anos contratando a persoas do Risga, pero realmente non podemos escoller que tipo de persoas, que tipo de cualificación traen esas persoas. Entón non podemos apoiar unha moción na que imos a destinar ás barreiras arquitectónicas porque realmente non sabemos como decíamos, se colleron unha paleta na súa vida, se saben facer ou non. Entón como comprenderá ese é o motivo de por que non o facemos. E que realmente infravalores os albaneles pois.... Eu creo que teñen que ter uns coñecementos para poder realizar o seu traballo.

Dito esto pasamos a votalo tendo en conta que está ditaminada na Xunta de Portavoces con ditame desfavorable.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou o **DITAME DESFAVORABLE** da moción transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 4

PSdeG-PSOE: A favor 2

BNG: A favor 2

GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1 (EU)

En contra 1(ENE)

6 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA..

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: “O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, en defensa da sanidade pública galega nunha situación crítica debido ás políticas nefastas do Partido Popular.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009, e que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A política sanitaria de Núñez Feixóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública e ten un fin moi claro: converter o dereito á saúde nun negocio para grupos aíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.

Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento do sistema sanitario público a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos nove anos, o PP, con Núñez Feixóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron neste desmantelamento: redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados...

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Partido Popular, e en que non estamos na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Pleno do Concello de Narón insta á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de rectificar unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:

a) Aumento do orzamento destinado a Sanidade

b) Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías/ contratos estábeis e dignos /substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia / aumento das prazas de formación de especialistas, MIR



- c) **Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.**
- d) **Plan de Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros). Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria./ Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria./ Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs / Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.**
- e) **Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios**
- f) **Eliminación dos copagos farmacéuticos.”**

E visto o ditame favorable, por maioría, con 5 votos a favor (2 TEGA, 1 PP, 1 PSdeG-PSOE, 1 BNG) e 1 abstención do PP da Xunta de Portavoces de data 28-01-2019, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Sabio Rodríguez: o Partido Popular ven facendo continuos recortes na sanidade pública, e favorecendo con isto a sanidade privada, xa sexa por derivación dende o propio SERGAS ou polas necesidades dos cidadáns de facer un seguro privado pola tardanza das consultas.

Nós defendemos unha sanidade pública, igual para todos e de boa calidade, aínda que loxicamente consideramos que tamén os cidadáns poden contratar un seguro privado.

Todos os recortes leváronnos á falta de camas dispoñibles, listaxes de espera disparadas que logo maquillan dalgún modo para intentar convencernos da axilidade con que somos atendidos, copago, redución de medicamentos prescritos pola Seguridade Social, uso de xenéricos... etc.

As consultas de atención primaria están masificadas, os cupos desbordados porque paulatinamente os profesionais xubilados ou trasladados non son substituídos, o que provoca a tardanza de ata máis dunha semana para unha consulta de atención primaria, isto fai que os enfermos acudan a urxencias para axilizar as consultas o que sobrecarga aínda máis este servizo xa de por si saturado, logo teñen durante horas os enfermos nos corredores, faltos de intimidade e de cousas básicas podendo ademais producirse contaxios (gripe).

Galiza ten unhas pensións máis baixas que a media do estado pero os nosos maiores han de facer fronte ao copago e incluso mercar medicamentos que non prescribe a Seguridade Social pero que precisan e teñen que mercalos.

É preciso un aumento do orzamento en sanidade, convocar as prazas vacantes e proporcionar contratos dignos e estables para os profesionais da medicina e sanidade en xeral sen propiciar que se teñan que ir a traballar fóra de Galiza cando nós temos unha poboación avellentada que cada vez require máis coidados e asistencia médica.

É preciso ter operativos tódolos recursos e mellorar os equipamentos dos Centros de Saúde e dos PACs.

Non debemos permitir que o Partido Popular cos seus recortes en orzamentos para sanidade destrúa un ben tan preciado como é a sanidade pública.

-Sr.Abeledo Fernández: por suposto imos a votar a favor desta moción, entendemos que para coñecer a situación da sanidade galega só hai que utilizala.

Entón nós sabemos que temos uns profesionais que están desbordados, que non teñen tempo para atender en condicións aos pacientes, e cando acudimos a urxencias sabemos cando entramos e non cando saímos e tampouco sabemos cando nos van a atender.

Todos aqueles que o sabemos non podemos negar que esta situación existe, entón imos apoiala.

-Sr.López Balado: tengo que empezar diciendo que esta moción.. tenemos la original, la primera que recibimos, la que de vez en cuando a lo largo de la moción pone “ *o pleno do Concello de.....* ” porque esta moción tanto la pudo haber presentado el Bloque en Corcubión, como en Cerceda, como en Narón... o sea en cualquier ayuntamiento que le cuadrara y a lo mejor las necesidades que tienen todos los ayuntamientos no son iguales.

Aquí antes de nada, yo creo que conviene recordar que ya se iniciaron las obras para la construcción de un nuevo centro de salud, que son nada más que 5 millones de euros que van a invertir.

O podíamos hablar también del plan director para la renovación y reforma del hospital o la residencia de Ferrol, que son prácticamente 80 millones de euros. Entonces estamos hablando de una comarca donde sabiendo que hay necesidades, sabiendo que hay cosas que se pueden mejorar, se hace un esfuerzo importante por mejorar y esta moción aquí lejos de intentar buscar mejorar algo, lo único que busca es lo de siempre intentar embarrar un poco el terreno de juego, intentar utilizar en este caso la sanidad pública como arma arrojadiza a los demás cuando además intervienen o la defienden, esta postura, partidos como si no hubieran gobernado nunca en Galicia o en algún sitio de España, entonces bueno, a veces resulta realmente curioso escuchar alguna cosa.

Es curioso también ver como algunos siempre se empeñan en cuando en una determinada partida o en una determinada área, se hace una reforma y esa área funciona mejor y consigue abaratar el coste en alguna cosa, entonces hablamos de recortes como a lo mejor en algunos casos no estamos hablando de recortes si no simplemente de una mejora en la eficiencia del servicio o en esa área. Y aquí pues podíamos hablar en el apartado que aquí nos mencionó como algo negativo y no siempre lo debíamos de entender como algo negativo, el copago en el tema de los medicamentos que en muchos casos, yo creo que es apropiado o el uso de genéricos. Ambas cuestiones yo creo que después a puerta cerrada o por los pasillos, yo creo que ... o en conversaciones de bar, gente que yo creo que atacan este tipo de políticas, después manifiestan que se entiende, que son normales, que es lo razonable.

Yo como dato, ya que mencionó aquí ahora el tema de los genéricos, en todos los países avanzados destaca más el tema de los genéricos . Precisamente es en los países menos avanzados donde esto sucede al revés. Yo creo que en ese sentido teníamos que ir avanzando como en los sitios donde estaban situados los que estaban por delante.

Resulta realmente curioso el tema de insistir una vez más y otra vez más con lo de la privatización de la sanidad, eso no es verdad y además ya saben que no es verdad, llevan 30 años con el mismo discurso de que el PP va a privatizar la sanidad y en ningún sitio privatizó; la sanidad sigue siendo 100% pública. Los hospitales siguen siendo 100% públicos, los ambulatorios, centros de salud, todas las estructuras siguen siendo 100% públicos y seguimos teniendo nuestro personal sanitario público.

Sí que es verdad que a veces hay algún servicio complementario como puede ser uno de lavandería o limpieza que se puede externalizar con una empresa externa pero no creo yo que ninguno de los partidos que está formando parte del tripartito aquí en Narón pueda quejarse de eso, cuando aquí ya le hemos comentado muchas veces, aquí en Narón los monitores en el Padroado de Cultura los tiene una empresa privada, los monitores de Deportes una empresa privada, limpieza viaria una empresa privada, las escuelas infantiles una empresa privada, el mantenimiento de las instalaciones empresas privadas, la gestión de instalaciones como Aldea Nova o Pedroso empresas privadas. O sea, no creo que precisamente ninguno de los partidos que está cogobernando aquí en Narón pueda hablar o pueda quejarse en este sentido porque ciertamente creo que tendría poca credibilidad y además es lo que decía antes, aquí hay partidos que hablan como si nunca tuvieran



labores de gobierno y aquí el BNG por ejemplo, tuvo labores de gobierno entre el 2005 y 2009 y en ese período en el que estuvo gobernando tuvo ese famoso bipartito, el concierto con centros privados aumentó un 44% y después aquí a decir que eso son cosas del Partido Popular y que privatizan y lo que sea pero con el bipartito aumentó el 44%.

El Partido Popular después del año 2009 primero congeló y luego fue recortando paulatinamente esa partida hasta aproximadamente un acumulado de un 9% y de hecho aquí en uno de los puntos, creo que es el punto “c” dice aquí la moción “1º.- *eliminación de las listas de espera*” como si en la época del bipartito no hubiera listas de espera o en comunidades autónomas donde no gobierna el Partido Popular no hubiera listas de espera no, pero aquí dice que “*no haya ningún tipo de derivación de doentes a sanidade privada mentres existan recursos disponibles*” es decir, aquí no está diciendo que no lo haya en ningún caso, aquí está diciendo que primero tiene que haber una prioridad con los medios públicos pero después aquí no descarta tampoco, que se haga una derivación a los medios privados y por lo tanto, además ellos tienen el récord en aumentar la partida en derivaciones a centros privados, entonces no entendemos realmente a que estamos jugando aquí y creo además que tiene poca credibilidad.

Nosotros desde luego no vamos a apoyar la moción porque esto lo que busca, una vez más, es intentar que una mentira acabe recalando en la sociedad a base de repetirla una y mil veces.

-Sr. Abeledo Fernández: creo que vostede como galego seguramente utiliza a sanidade ... eu esperei un ano e medio por unha proba, un ano e medio; entras nas listas de espera para entrar nas listas de espera, ter médicos contratados por 1 ano, 2 anos, 3 anos... que ao final acaban emigrando buscando estabilidade.

Hai un tempo insuficiente para atender aos pacientes.

As urxencias, se vostede ten que utilizalas como eu coa miña filla, están masificadas. No Arquitecto Marcide en urxencias, hai 2 médicos de urxencias e a veces están saturados polo número de xente que chega.

Porque que os maiores teñan que facer o copago dos medicamentos sobre todo, coa capacidade de renta que por mor das pensións que aquí teñen

Que vostede me estea dicindo que a sanidade galega vai ben... que a Xunta de Galicia non está facendo un esforzo por degradar a nosa sanidade para que todos nós teñamos que acudir á privada para que nos fagan unha proba que nos tarda 2 anos... ao mellor cando nos chaman para facer a proba xa estamos mortos ... a verdade Sr. Marcos....

-Sra. Sabio Rodríguez: ben, eu vou a empezar por onde remataba o Sr. Marcos Balado, que decía que unha mentira a base de repetila pensamos que ía a ser verdade. Esto é o que suele facer o Partido Popular, decir sempre a mesma cousa aínda que todos vemos con obviedade que é mentira. E que non ten que convencernos do ben que funciona a sanidade pública galega porque aí están os medios de comunicación e todos temos que acudir á sanidade pública e vemos como é a xestión e reflóme a como é a xestión, non como son os profesionais, porque a min se me preguntas se estou contenta do meu médico de cabeceira eu diríalles que si pero ela fai un esforzo grande.

Neses 5 minutos que me corresponden esfórzase o máis que pode. E chámame á hora que faga falta, ou sexa, eu nese aspecto si que estou contenta dos profesionais pero non da forma en que se están administrando recursos porque si que hai recursos disponibles que non se utilizan, hai consultas que polas tardes poderían estar traballando se tiveran un médico contratado e que se estarían aproveitando os recursos.

Por outra parte, eu cando me refiro, eu non, cando nós nos referimos a que privatizan os servizos non nos estamos referindo á limpeza, estámonos referindo a que si tes que facer por exemplo, algún tipo... por exemplo, de oftalmoloxía, pois derivante a unha consulta privada. Si tes que facer

por exemplo, unha ecografía, pois derivante a un hospital privado... cando sabemos que aínda con todos os problemas que temos e todos os recortes que temos, a sanidade pública é onde hai as mellores dotacións e os mellores profesionais. Por eso queremos unha sanidade pública boa e ben organizada e dende logo si aínda está como está é grazas aos profesionais que nos atenden.

-Sr.Lopez Balado: antes de nada, mencionarles al Sr.Abeledo que ya sé que nosotros tenemos diferencias ideológicas profundas, nosotros nunca creímos en lo de gratis para todo. Y el Sr.Abeledo en el tema del copago se olvida que hay límites, que hay colectivos libres del copago, que eso depende de las rentas..... todas esas cosas se le olvidan y quiere que a las personas que más rentas tengan también queden libres del copago y nosotros no estamos de acuerdo con la labor.

A nosotros nos parece que oye, en un mundo perfecto, donde sobra el dinero a lo mejor se podría hacer, a lo mejor en los años de crisis hay que afinar un poco más y aquellas personas que más tienen, que tienen que pagar un porcentaje, que sigue siendo una cantidad realmente reducida pero si tienen que pagar una cantidad de esos medicamentos pues tienen que pagar ese porcentaje de los medicamentos y los que menos tienen pues prácticamente todos los colectivos quedan excluidos de eso; por lo tanto, nosotros somos más partidarios de buscar sistemas justos, y por lo tanto, y no gratis para todos.

Bueno, después por lo demás insisto, a veces está bien decir las cosas cuando no se ha gobernado porque cuando uno no gobierna tiene un discurso más fácil porque no tiene unos antecedentes que lo persigan. A veces eso puede jugar a favor y a veces puede jugar en contra, en este caso, quejarse una formación que no gobernaba, como decía antes, aumentó un 44% pues le quita mucha credibilidad, no tiene mucho sentido. Galicia, en uno de los últimos años destinaba un 5,8% del gasto que tiene con esta materia a conciertos con la privada pero en comunidades como Cataluña destinaba prácticamente el 25%.

Y además piden ustedes cosas que cuando estaban gobernando ... yo ya sé que el sistema es imperfecto, ya somos conocedores de que hay muchos sitios donde se puede mejorar y ya sabemos que hay mucho margen de actuación para trabajar. También es verdad que se está actuando, que se hacen infraestructuras nuevas, que lo estamos viendo además en la actualidad que hay convocatorias de plazas y oposiciones para aumentar el personal sanitario y en definitiva pensamos que se están dando los pasos adecuados.

Además creo recordar que recientemente se firmó un acuerdo con los sindicatos para reducir la temporalidad aquí en personal sanitario de la Xunta de Galicia dejando la media creo que en 5% cuando la media estatal está alrededor del 8% o por encima del 8%. Entonces ya sabemos que es imperfecta, ya sabemos que si vamos al caso en concreto, ya sabemos que vamos a encontrar casos dolorosos, injustos o lo que sea pero también es verdad que se están dando los pasos adecuados y que además nos tenemos que poner en comparación con otras comunidades, lo que se hace en otros sitios o con otros gobiernos anteriores. En ese sentido tengo que decir que estamos muy por encima de la media.

-Sr.Abeledo Fernández: é unha mágoa que en tempo de crisis sempre paguemos os mesmos Sr.Balado. A quen acaban de baixar os impostos en Andalucía?

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: En contra 4

PSdeG-PSOE: A favor 2

BNG: A favor 2

GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 2

7º.-ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES



A/ MOCIÓN DO GRUPO MIXTO -EU- REPROBACIÓN DO EX-MINISTRO PEDRO MORENÉS POLO ADIAMENTO E PARÁLISE DOS CONTRATOS DAS FRAGATAS F-110 PARA OS ESTALEIROS DE NAVANTIA.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Facemos fincapé no dano que a unha Comarca como a de Ferrolterra fixo a actuación do ex ministro Morenés, tamén a Narón posto que nos nosos polígonos afíncanse empresas dedicadas ao sector naval e vinculadas a NAVANTIA. Ademais moitos veciños e veciñas de Narón son traballadores e traballadoras que forman parte do plantel de NAVANTIA.

As ordes do goberno de Mariano Rajoy para contratar armamento á multinacional MBDA que Pedro Morenés presidiu en España (ata a súa entrada no goberno) adiou e paralizou a definición dun proxecto de 4 000 millóns de euros que garantía 10 anos de carga de traballo para o estaleiro da nosa comarca e que evitou a posta en marcha dun contrato para construír 5 fragatas no estaleiro de Navantia en Ferrol.

